

DESCARGAR UN FICHEIRO

En ocasións é necesario que descargues dunha materia do Edixgal un ficheiro para poder realizar as tarefas que te pide a profe.

Estes arquivos poden ser un documento de texto, unha imaxe, unha presentación de diapositivas, unha música, un vídeo... todos descárganse da mesma maneira seguindo estes pasos.

1. Vai á materia onde se atopa o ficheiro que tes que descargar.
2. Pica sobre o nome do arquivo que tes que descargar. No exemplo "PARTICIPAR NUN FORO".



Neste manual explícase como participar nun foro.

Agora poden pasar dúas cousas.

OPCIÓN 1

Se o ficheiro a descargar é un PDF , ao picar sobre el, amosarase o seu contido.

Para descargalo debes picar sobre a icona  que se atopa na parte superior dereita. Se é preciso maximiza a xanela para ver a icona.




Tras facelo amósase o cadro de diálogo de descarga. Vai ao punto 4.

OPCIÓN 2

Se o ficheiro a descargar é de calquera outro tipo, ao picar sobre o seu nome, amosarase directamente o cadro de descarga.

3. No cadro de dialogo marca a opción "Gardar ficheiro" e pica sobre "Aceptar".

DESCARGA DE FICHEIROS NO EDIXGAL



Notas:

- Dependendo do Sistema Operativo do ordenador e do navegador web que utilices, os cadros de diálogo pode ter outro aspecto pero os elementos que se amosan nel son os mesmos.
- Dependendo do idioma do navegador e do Sistema Operativo, os botóns poden estar escritos en galego (coma nas imaxes deste manual) ou en castelá, inglés...

4. Agora segundo como estea configurado o teu navegador poden pasar dúas cousas:

SITUACIÓN 1


Que o arquivo se descargue directamente.

Neste caso o arquivo gárdase no cartafol establecido por defecto no navegador, normalmente no cartafol "Descargas"

SITUACIÓN 2

Que se amose un novo cadro de diálogo

DESCARGA DE FICHEIROS NO EDIXGAL



Neste cadro de diálogo debes:

- 1º Escoller o lugar do teu ordenador onde queres gardar o arquivo (escritorio, un cartafol, lapis de memoria...). No exemplo o ficheiro vai a ser gardado no "Escritorio".
- 2º Picar no botón "Gardar" e espera a que se descargue o ficheiro. Pode tardar máis ou menos tempo dependendo do seu tamaño.
5. Finalmente, recoméndoches que vayas ao lugar do teu ordenador (escritorio, cartafol, lapis de memoria...) onde gardaches o ficheiro para comprobar que foi descargado correctamente.